

AXENDA

Os accidentes de tráfico e as persoas maiores centran unha conferencia do Colexio de Psicoloxía de Galicia

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2016.- Este sábado 27 de febreiro, o procurador dos Tribunais do Ilustre Colexio de Procuradores de Santiago de Compostela Manuel Merelles Pérez, impartirá unha conferencia co título "Os accidentes de tráfico e as persoas maiores como condutores: casuísticas e responsabilidade".

A súa intervención será as 11 horas no Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en Santiago de Compostela. Manuel Merelles Pérez é Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é avogado do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña e mediador civil, mercantil e deportivo. Ten participado como profesor colaborador na Escola de Práctica Xurídica da Universidade compostelá.

A conferencia está organizada polo Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e ten a súa orixe na gran preocupación dos e das profesionais polo rigor nas avaliacións que realizan, especialmente no caso de persoas de idade avanzada. Esta inqueda cobra maior relevancia co cambio da normativa que modificou os prazos legais para os recoñecementos de condutores/as maiores de 70 anos, dado que implica un peor seguimento da evolución do deterioro cognitivo.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información ou para solicitar entrevistas, contacta co departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns

981 534 049 / 699 908 968

comunicacion@copgalicia.gal